

**REGULAMENTO DA PLACA "RAMON DOCAL"**  
**Aprobado pola Xunta Directiva do CGX con data 24 de Maio de 2008**

I.- A "PLACA RAMÓN DOCAL", instaurouse, coa súa denominación inicial de PLACA COMITÉ GALEGO DE XUÍCES, para distinguir e premiar a traxectoria exemplar daqueles Xuíces que destacaron nesta Comunidade Autónoma, polo seu esforzo, dedicación e achegas ao mundo do Atletismo Galego

II.- Como queda sinalado, a placa coa que se premiará ao Xuíz máis destacado de Galicia, chamarase "PLACA RAMON DOCAL", sendo o seu deseño o seguinte

*Escudo Federativo*  
*A Federación Galega de Atletismo,*  
*O Comité Galego de Xuíces, conceden a*  
*PLACA "RAMON DOCAL"*  
*correspondente o ano 200\_ a/ó Xuíz.....*  
*DON/A.....*  
pola súa dedicación, esforzo e achegas feitas ao Atletismo Galego  
*Data.....*

III.- PERIODICIDADE.

A "PLACA RAMON DOCAL" entregarase anualmente, a poder ser nun evento de importancia ou reunión de todos os estamentos do atletismo galego.

IV.- CONCESION.

1.- Poderase propor aos Xuíces con licenza en vigor pola FGA con méritos para recibir a mesma, tanto polas Delegacións do Comité Galego de Xuíces, como polas Delegacións da Federación Galega de Atletismo, ou por calquera dos estamentos ou persoas que formen o colectivo do Atletismo Galego.

As propostas, calquera que sexa a vía, ACOMPAÑADAS DUNHA BREVE RESEÑA DO CANDIDATO, deberán ter entrada no CGX, antes do 31 de Outubro de cada ano.

2.- Finalizado o prazo de recepción de propostas, na primeira reunión que se celebre da Xunta Directiva do CGX, procederase á concesión da PLACA RAMÓN DOCAL, mediante o seguinte procedemento.

Primeira votación: Cada un dos presentes con dereito a voto poderá votar a un máximo de TRES candidatos. Os TRES candidatos con máis votos (e os empatados en terceiro lugar) pasasen á seguinte votación.

Segunda e última votación: cada un dos presentes con dereito a voto, votará a UN dos XUÍCES da nova lista, concedéndose a PLACA ao candidato máis votado. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente do CGX.

NOTA: .- A "PLACA RAMON DOCAL" poderá tamén ser concedida con carácter extraordinario a título póstumo.

V.- A PLACA será entregada ao XUÍZ elixido, ou se fose concedida a título póstumo, aos seus familiares, nun acto a decidir pola Xunta Directiva do CGX, que contribúa a realzar tanto a figura do homenaxeado como a importancia do galardón

- VI.- Ningún membro da Xunta Directiva de Xuíces, no ano de concesión, poderá optar á PLACA "RAMON DOCAL". Así mesmo só se poderá conceder ao mesmo Xuíz nunha sóa ocasión

ANEXO.- Como queira que é intención da Federación Galega de Atletismo, e do seu Comité de Xuíces, o darlle a devandito premio un carácter oficial e vincular o seu nome ao dunha persoa que destacou en todos os ámbitos do Atletismo Galego, tal e como se describe no prólogo do documento sancionador do presente, acórdase o presente Regulamento que deberá ser aprobado pola Xunta Directiva da Federación Galega de Atletismo

### **HISTORIAL PLACA CGJ**

|      |  |               |
|------|--|---------------|
| 1994 | Mª Luisa González Khaimalis              | Vigo          |
| 1995 | Alfonso Rodríguez Rodríguez              | Ourense       |
| 1996 | Fernando Alonso Braña                    | Santiago      |
| 1997 | Sebastián Ros Pesquera                   | Ferrol        |
| 1998 | Jorge Doncel Queijeiro                   | La Coruña     |
| 1999 | Alfonso Pacheco Gamallo                  | Pontevedra    |
| 2000 | Non se entregou                          |               |
| 2001 | Non se entregou                          |               |
| 2002 | José A. Bastos González                  | La Coruña (*) |
| 2003 | José M. Rodríguez Díaz                   | Lugo          |
| 2004 | Jesús Alonso Braña                       | Santiago      |
| 2005 | Belén Martínez Freire                    | Vigo          |
| 2006 | Marina Conde Araujo                      | Ourense       |
| 2007 | Ramon Allfonsin Alfonsin                 | Pontevedra    |
| 2008 | Ricardo Monzón López                     | Ferrol        |
| 2009 | Berta Fernández Amado                    | A Coruña      |
| 2010 | Mª Luisa López Vácas                     | Vigo          |
| 2011 | Mª Consuelo y Mª Dolores Guillán Moreira | Vigo          |
| 2012 | Mª Estela Diéguez Fernández              | Ourense       |

(\*) Pasa a denominarse Placa Ramón Docal Lago